

Quéreme, no me quere

Quero ser o pétalo,
que tocan tra-la espina.

Quedar impregnado en sangue,
que sangue deixo no meu sangue.
Que o meu aroma sexa arrecendo,
quero impregnar os corazóns.

Quero ser a rosa, ser salvado;
quero ser a noite de verán.

Por que ela si?

Por que,

se eu tamén son gracioso,

se eu tamén visto ben,

se eu tamén fágote rir?

Por que, se eu tamén son sensible.

se eu tamén vinte chorar,

se eu tamén son a rosa?

Quizais teño que bailar mellor,

quizais teño que usar ropa cara,

quizais teño que cantar mellor.

Quizais se eu fose ela, e non el.

Se me arrinco toda a pel,
e me constrúes ao teu gusto,
se me configuras a personalidade,
como o teu fondo de pantalla,
se me escolles e me colocas,
como se chegase dunha tenda,

quizais se fose coma unha boneca,
de plástico, superficial, rubia,
quizais así me quererías.